


Historia das mulleres en Galicia

Prehistoria. Historia antiga
Idade Media
Idade Moderna
Época Contemporánea



O estudo da historia das mulleres da Galicia prehistórica e antiga está marcado por un curioso paradoxo: por unha parte temos un escaso rexistro arqueolóxico que apenas permite vislumbrar as vidas das persoas, e por outra as mulleres da Galicia prerromana aparecen nun lugar moi destacado nas fontes clásicas, nas que representan o antigo estado matriarcal das civilizacións. Combinando o manexo das fontes arqueolóxicas, epigráficas e literarias, a autora trae un percorrido histórico desde os máis humildes fragmentos da Prehistoria ata a análise do movemento priscilianista, no que algúns autores lle outorgan cada vez máis ás mulleres un protagonismo moi destacado.



NIGRATREA

NIGRA
TREA



Historia das mulleres en Galicia

Prehistoria
Historia antiga

MAR LLINARES



Historia das mulleres en Galicia

Prehistoria Historia antiga

MAR LLINARES GARCÍA

XUNTA DE GALICIA | NIGRATREA

MAR LLINARES GARCÍA (Carnota, 1961) é profesora titular de Prehistoria da Universidade de Santiago de Compostela. Desenvolve a súa investigación nos campos da antropoloxía e da historia das relixións prehistóricas e antigas e da historia das mulleres. É autora dos seguintes libros: *Mouros, ánimas, demonios. El imaginario popular galego*, Madrid: Akal, 1990; *Os mouros no imaxinario popular galego*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC, 1990; «Idade Antiga» (con E. Castro), en *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, Santiago: Consello da Cultura Galega, 1999; *O valor da Arqueoloxía* (con J.C. Bermejo), Santiago: Lóstrego, 2006. É tamén traductora de numerosos libros, entre os que destaca, en relación co tema desta obra, J. J. Bachofen, *Das Mutterrecht*, Basilea, 1867 (*El matriarcado*, Madrid: Akal, 1987).